

O presidente do Parlamento participou na presentación dun libro sobre Emigración e exilio en Galicia e Azores

- **A actividade enmárcase nos actos conmemorativos do 40 aniversario da Asemblea Lexislativa dos Azores**
- **O titular do Lexislativo autonómico reitera o chamamento a impulsar os lazos entre Galicia e Azores**

Santiago, 21 de xullo de 2016.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, asitiu esta tarde en Ponta Delgada (Illa de San Miguel, Azores) á presentación do libro “Emigración e exilio nos Estados Unidos de América: experiencias de Galicia e Azores”, editado polo Consello da Cultura Galega e a Fundación Luso-Americana para o Desenvolvemento.

Esta publicación do Consello da Cultura Galega dá a coñecer os vínculos entre Galicia e os Azores en aspectos comúns, como as experiencias migratorias aos Estados Unidos: desde a integración dos emigrantes nas sociedades de acollida, as súas relacións co mundo do exilio, ata a aparición e consolidación de novos medios de comunicación na diáspora, sen esquecer o papel das comunidades emigrantes na diplomacia cultural. Tamén asistiron á presentación do libro dous coordinadores da publicación, Alberto Pena e Mário Mesquita, así como Michael Baum, administrador da FLAD.

Esta actividade enmárcase nos actos conmemorativos do 40 aniversario da Asemblea Lexislativa dos Azores, que convidou ao Parlamento de Galicia a sumarse á celebración coa exposición “54 páxinas das noas letras”, inaugurada onte en Horta, onde tamén se presentaron dúas publicacións editadas pola Cámara galega, a Xunta

e a Real Academia Galega: un facsímil da edición políglota de “Zara”, que inclúe unha tradución galega efectuada por Curros Enríquez; e o volume “Antero de Quental e Teófilo Braga e a súa relación coas letras galegas”, obra do profesor Xesús Alonso Montero e da profesora Beatriz García Turnes

Superar o esquecemento

Santalices Vieira fixo votos para que esta experiencia auspiciada polo Parlamento de Galicia e pola Asemblea Lexislativa dos Azores, no marco do 40 aniversario da súa autonomía, unida ás xa impulsadas polo Consello da Cultura Galega, contribúa a “superar o esquecemento e a distancia”.

Ao seu xuízo, “os recursos que poden servir de base para facer agromar esas relacións nos máis diversos eidos –o cultural, o económico, o académico ou o institucional- existen en abundancia; de nós –do conxunto da sociedade- dependerá, por tanto, o éxito ou o fracaso desta aposta”.

Saúdos,
Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.